

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Montero Reguera, José Francisco  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Torres Romay, Emma

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel  
Diz Folgar, Manuel  
Gil Hidalgo, Paula  
Vázquez Alonso, Aroa

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Falagán Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de xullo de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 09:30 do día 27 de xullo de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en primeira convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*

- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*

- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día.

**1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 25 de xuño de 2021 e á sesión extraordinaria do 1 de xullo de 2021.**

O reitor informa de que non se recibiron alegacións ás actas.

Apróbanse por asentimento.

**2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos, tras indicar que se continúa a traballar no plan de financiamento coa Xunta de Galicia.

Avances no mapa de titulacións 2022-2026:

- Marco de desenvolvemento do mapa:
  - Acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do Sistema universitario de Galicia para o período 2022-2026.
  - Promovido polas universidades e asinado o 16 de xuño de 2021.
- Acordo para a implantación dun grao e un mestrado en Intelixencia Artificial interuniversitarios:
  - Implantación en Ourense, Coruña e Santiago.
  - Asinado o 4 de maio de 2021.
- Acordo para a implantación de mestrados correspondentes aos 30 perfís profesionais identificados no estudo G2030:
  - 15 perfís considéranse xa cubertos por titulación existentes no SUG.
  - 1 perfil polo que xa tiñan mostrado interese as universidades: IA
    - Resolto mediante acordo específico: grao e mestrado.
  - 14 perfís non cubertos:
    - 13 darán lugar a mestrados novos no SUG.
    - 1 resolverase introducindo unha mención nun mestrado existente.
  - O mestrado en ciberseguridade (UVIGO-UDC) incluírá unha mención en blockchain e tecnoloxías DLT.

- Procedemento de definición dos novos mestrados (avances):
  - Cada universidade identificou os seus intereses.
    - Na Uvigo solicitáronse aos centros e departamentos.
  - Creouse unha matriz inicial de intereses.
    - En todos eles participará mais dunha universidade.
  - Acórdase que cada universidade:
    - Nomee un representante ante o SUG para cada un dos mestrados en que participe.
    - Elix a dúas persoas que participarán na comisión interuniversitaria que elaborará a memoria de cada titulación.

A Uvigo faino por Resolución Reitoral do 9 de xullo de 2021

#### Próximos pasos no mapa de titulacións:

- Procedemento de definición dos novos mestrados (próximos pasos):
  - Setembro de 2021:
    - Creación dun grupo de traballo por mestrado na Uvigo con representantes dos centros e departamentos que amosaron interese.
    - Comezo do traballo das comisións interuniversitarias para a elaboración das memorias das titulacións.
  - Maio de 2022:
    - Aprobación por Consello de Goberno das memorias elaboradas polas comisións interuniversitarias.
    - Decisión do centro ao que se adscribirá cada mestrado.

#### Temas pendentes no mapa de titulacións:

- Elaboración e acordo do mapa de novos graos:
  - 10/12 novos graos non existentes no SUG:
    - Identificación en novembro de 2021.
    - Acordo en febreiro de 2022.
  - Posible reconfiguración da oferta actual.
  - Aumento global do 10% das prazas ofertadas.
    - Declaracións de singularidade de graos/mestrados existentes.
    - Outubro de 2021.
    - Propostas de novos mestrados e doutoramentos ao marxe do estudo G2030.

#### Novos nomeamentos:

- Dirección Campus Agua: Roberto Ignacio Fernández López.



- Dirección futuro Instituto de Investigación Agroalimentaria: David Fernández Calviño.

#### Asuntos varios:

- Houbo mesa de PDI con acordos sobre novas axudas de recualificación.
- Visita ó edificio ALTIA, que temos alugado a unha empresa.
- Aeroespacial: 2 xuntanzas (mesa de diálogo) e 2 mais previstas para acadar solución para a contratación e para o mestrado.
- Avances no financiamento das liñas de inglés do antigo programa Ultreia.
- Visita de Miguel Ángel Escotet, reitor presidente da nova Universidade privada galega. Neste momento, traballamos na desadscrición de IESIDE.
- Celebrada a primeira xuntanza do Comité de seguimento do plan estratéxico.
- Dentro dos traballos para a mellora da accesibilidade do campus de As Lagoas, retomamos as negociacións con ACEBA que traerán melloras do transporte entre Baiona e o campus.
- A Universidade de Vigo vai participar na iniciativa europea New European Bauhaus da man da Consellería de Sanidade e o SERGAS.
- X Aniversario CITEXVI, que foi o inicio do Gradient. Trátase dunha iniciativa público-privada. O reitor reclama maior presenza feminina neste foro. Foi a aposta dun anterior equipo de goberno para facilitar a transferencia entre empresas e grupos de investigación da Universidade. Trátase dunha iniciativa que goza de certo éxito e tentarase continuar coa mesma.

#### Visitas

- Visita do delegado do Goberno en Galicia, José Miñones Conde, que transmitiu diversas informacións, en particular, sobre os futuros cambios no sistema de bolsas, nas que haberá un reforzo para as Universidades, en canto á tramitación. O total concedido para a UVigo supera os 14 millóns de euros. Expón o reitor as previsións do Goberno sobre o sistema de financiamento de ciencia e investigación, que parece van incrementarse, aínda que haberá que estar vixiantes a este respecto.
- Asinado convenio co CES para realización de informe sobre dixitalización. En decembro estará preparado o informe.
- Visita ó Conselleiro de Facenda, polo asunto da ETEA.
- Visita ó Alcalde de Pontevedra, polo uso dos terreos da antiga TAFISA, dos que se asinará o convenio proximamente. O reitor louva a colaboración do alcalde de Pontevedra a este respecto, que permitiu a plena dispoñibilidade da Universidade sobre os terreos.
- Visita ó Alcalde de Vigo, polo tema da ETEA e de López Mora, onde se lle fixo chegar a idea de abandonar a ocupación de espazos en López Mora.

- Visita ó Alcalde de Ourense, polo tema dos terreos para Intelixencia Artificial, preto do Campus Sur, e para desbloquear dous proxectos Interreg comúns.
- Visita ó Delegado do Estado en Zona Franca, polo tema dos edificios de López Mora .

#### Xuntanzas

- Ordinaria ACSUG: estanse recibindo as solicitudes dos complementos do profesorado, aberta a convocatoria ata o 28 de agosto.
- Cos decanos de Fisioterapia e CC. da Educación e do Deporte., aos que agradece o reitor a súa actitude.
  - Iniciouse de novo un proceso de mediación.
  - Xa temos ditame xurídico.
  - Xuntanza entre equipos, coa presenza do vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado e o reitor.

O reitor informa asemade sobre o estado dos convenios coa Consellería (3 convenios de colaboración):

1. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i 2021-2022.
2. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Vigo para infraestruturas, obras e titulacións novas, 2021.
3. Convenio de dixitalización, 2021.

	Convenio 1	Convenio 2	Convenio 3	TOTAL
2021	2.184.000€	2.766.817€	3.160.000€	8.110.817€
2022	2.695.000€			

#### Selección de profesorado para as iniciativas mariña e cuántica

- Iniciativa cuántica: Fran Aguado, Marcos Curty e Carlos Mosquera foron os artífices do éxito acadado. O conselleiro pediunos persoalmente o apoio institucional a esta iniciativa e o delegado de Zona Franca tamén. Estamos vendo a mellor solución ós problemas de organización.
- Iniciativa mariña: traballada a nivel de equipo de goberno, coa Xunta – GAIN e distintas comunidades autónomas, o Ministerio seleccionou dúas liñas para engadir na proposta a financiar: observación mariña e acuicultura.

- Cando se decidiu que cada institución, a nivel galego, aportara un membro á comisión de traballo, seleccionáronse os mellores currículo: R. Gesteira, Armando Caballero, José Luis Soengas e Carlos Bendicho.

Programa complementario MICINN Ciencias Mariñas

- Concedida para Galicia (10M€, con 40% co-financiación Xunta de Galicia).
- Outubro 2021: Formalización do convenio, unha vez definidas as liñas de actuación.
- Liñas: 9 Grupos de traballo (3 Observación oceánica, 4 Acuicultura, 2 economía azul), para cada un dos grupos nomeouse un/unha facilitadora-dinamizadora.
- Reunión posta en común e priorización: 29 de xullo.
- Comité de Gobernanza: 14 membros (UDC, USC, UVIGO, IEO, CSIC, INTECMAR, CIMA, METEOGALICIA, CESGA,) + GAIN e Consellería do Mar + 3 coordinadores (IIM-CSIC, CIM-UVigo, CETMAR).
- Concedida para Galicia (10M€, con 40% cofinanciación Xunta de Galicia).

25/07/2021: datos de ocupación á metade do 4º chamamento:

	Límite de Prazas	Ocupadas	%	Sobre límite	Ocup. sin límite sinob.		Dispoñibles	% dspoñibles
<b>TOTAL UVIGO</b>	3707	3229	87,11%	77	3152	85,03%	555	14,97%

<b>Ourense</b>	953	833	87,41%	37	796	83,53%	157	16,47%
<b>Pontevedra</b>	720	665	92,36%	8	657	91,25%	63	8,75%
<b>Vigo</b>	2034	1731	85,10%	32	1699	83,53%	335	16,47%

Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%	Sobre límite
Grao en Administración e Dirección de Empresas	85	54	63,53%	0
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	45	34	75,56%	0
Grao en Ciencias Ambientais	45	22	48,89%	0
Grao en Dereito	50	53	106,00%	3
Grao en Educación Infantil	75	80	106,67%	5



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Grao en Educación Primaria	75	86	114,67%	11
Grao en Educación Social	75	72	96,00%	0
Grao en Enfermería	55	54	98,18%	0
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	50	51	102,00%	1
Grao en Enxeñaría Agraria	45	7	15,56%	0
Grao en Enxeñaría Informática	147	158	107,48%	11
Grao en Traballo Social	75	69	92,00%	0
Grao en Turismo	55	16	29,09%	0
Grao en Xeografía e Historia	40	44	110,00%	4
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	20	21	105,00%	1
PCEO Grao en ADE/Grao en Enxeñaría Informática	6	7	116,67%	1
PCEO Grao en Turismo/Grao en Xeografía e Historia	10	5	50,00%	0
	953	833	87,41%	37

Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%	Sobre límite
Grao en Belas Artes	130	130	100,00%	0
Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	100	96	96,00%	0
Grao en Comunicación Audiovisual	45	46	102,22%	1
Grao en Dirección e Xestión Pública	25	12	48,00%	0
Grao en Dirección e Xestión Pública	20	15	75,00%	0
Grao en Educación Infantil	75	78	104,00%	3
Grao en Educación Primaria	75	77	102,67%	2
Grao en Enfermería	55	56	101,82%	1
Grao en Enxeñaría Forestal	45	13	28,89%	0
Grao en Enxeñaría Mecánica	86	0	0,00%	0
Grao en Fisioterapia	50	41	82,00%	0
Grao en Publicidade e Relacións Públicas	100	101	101,00%	1
	720	665	92,36%	8

Estudo	Límite de Prazas	Ocupadas	%
Grao en Administración e Dirección de Empresas	200	187	93,50%
Grao en Administración e Dirección de Empresas - IESIDE	60	33	55,00%
Grao en Bioloxía	75	77	102,67%
Grao en Ciencias do Mar	70	61	87,14%
Grao en Comercio	90	60	66,67%
Grao en Dereito	70	73	104,29%
Grao en Economía	60	47	78,33%
Grao en Educación Infantil	75	55	73,33%
Grao en Educación Primaria	75	77	102,67%
Grao en Enfermaría - Meixoeiro	50	48	96,00%
Grao en Enfermaría - POVISA	77	69	89,61%
Grao en Enxeñaría Biomédica	44	39	88,64%
Grao en Enxeñaría da Enerxía	50	26	52,00%
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	130	83	63,85%
Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación - Inglés	20	6	30,00%
Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	50	7	14,00%
Grao en Enxeñaría Eléctrica	50	34	68,00%
Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	70	71	101,43%
Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	64	67	104,69%
Grao en Enxeñaría en Química Industrial	50	51	102,00%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	60	58	96,67%
Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais - Inglés	20	12	60,00%
Grao en Enxeñaría Mecánica	110	116	105,45%
Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española	50	20	40,00%
Grao en Linguas Estranxeiras	50	52	104,00%
Grao en Química	60	61	101,67%
Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	72	72	100,00%
Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés)	20	13	65,00%
Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)	60	66	110,00%
Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)	40	23	57,50%
PCEO Grao en Administración e Dirección de Empresas/Grao en Dereito	40	43	107,50%
PCEO Grao en Enx. Biomédica/Grao en Enx. en Electrónica Industrial e Automática	6	6	100,00%
PCEO Grao en Enxeñaría Biomédica/Grao en Enxeñaría Mecánica	6	6	100,00%
PCEO Grao en Enx. Mecánica/Grao en Enx. en Electrónica Industrial e Automática	10	12	120,00%
	<b>2034</b>	<b>1731</b>	<b>85,10%</b>

Susana Reboreda pregunta sobre os graos que non hai en Galicia e o reitor informa como van as negociacións coa Xunta, que aínda se atopan nun estado preliminar. En relación cos títulos singulares, Susana Reboreda pregunta se pode haber novas solicitudes. O reitor indica que se



alguén ten algunha nova solicitude ten que reiterala antes de outubro. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado precisa que en outubro sairá a convocatoria. Susana Reboreda pregunta, así mesmo, sobre o posible axuste do número de alumnos en titulacións dos Campus periféricos e o reitor informa que era un asunto tratado coa anterior conselleira. Haberá que agardar ao plan de financiamento para abordalo co actual, que parece disposto a aumentar a oferta global dos campus galegos. Susana Reboreda pregunta polo Grao en Relacións Internacionais e o reitor informa de que haberá unha xuntanza o venres 30.

Rebeca Díaz pregunta polas direccións dos mestrados solicitados, en concreto, se as persoas elixidas para coordinalos terá repercusións en canto á adscrición aos seus centros das titulacións. O reitor e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclaran que non está predeterminado, aínda que estes mestrados teñen un perfil especial, interuniversitario. Rebeca Díaz comenta que o fluxo de información a este respecto xerou certo malestar no seu centro e pregunta polos criterios empregados para elixir as persoas. O reitor expón que se valorou os perfís das persoas máis competentes e con capacidade para representar á Universidade. Rebeca Díaz reclama a este respecto maior participación das direccións dos centros que poidan ter implicacións nestas titulacións e un mellor traslado da información. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado expón o traballo dos representantes ata agora, repartidos en trece comisións de traballo. Tentarase mellorar a comunicación.

### **3. Aprobación, se procede, das memorias de creación da Facultade de Deseño, da Facultade de Relacións Internacionais e da Facultade de Dirección e Xestión Pública.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que expoña este punto. Indica os seguintes datos, tras expoñer os trámites seguidos ata o momento:

#### Facultade de Relacións Internacionais:

- Denominación: Facultade de Relacións Internacionais
- Campus de Ourense
  - Edificio propio cedido/construído
  - Comezo no edificio Xurídico-Empresarial
- Titulacións iniciais: Grao en Relacións Internacionais
- Ámbito: Ciencias sociais e xurídicas
- Estudantado estimado: 187
- Profesorado estimado: 15 ETC
- Custo anual: 90 045 €
- Elaboración da memoria: Membros da Universidade de Vigo da Comisión interuniversitaria de elaboración da memoria do Grao en Relacións Internacionais.



#### Facultade de Dirección e Xestión Pública:

- Denominación: Facultade de Dirección e Xestión Pública
- Campus de Pontevedra: Edificio compartido coa Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
- Titulacións iniciais
  - Grao en Dirección e Xestión Pública
  - Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional
- Ámbito: Ciencias sociais e xurídicas
- Estudantado estimado: 212
- Profesorado estimado: 41 (16 total)
- Custo anual: 90 045 €
- Elaboración da memoria: Xunta de titulación do Grao en Dirección e Xestión Pública.

#### Facultade de deseño:

- Denominación: Facultade de Deseño
- Campus de Pontevedra: Edificio Benito Corbal
- Titulacións iniciais
  - Grao en Deseño
  - Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda
- Ámbito: Arte e humanidades
- Estudantado estimado: 260
- Profesorado estimado: 22 ETC
- Custo anual: 90 045 €
- Elaboración da memoria: Xunta de titulación do Grao en Deseño.

Emma Torres pregunta no chat se hai data prevista para a aprobación final. O reitor responde que “habitualmente so hai dúas xuntanzas do Consello Galego de Universidades, unha por semestre. Se se aproban, pediremos á Xunta que faga os informes, en teoría poderían chegar en decembro. Temos pedida unha extraordinaria para a aprobación do cambio de nome que creará a Facultade de Comercio, a ver se o conseguimos en setembro. Foi unha mágoa que non chegaran os papeis a tempo para a xuntanza ordinaria”.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado agradece o traballo das comisións encargadas das memorias.

Edita de Lorenzo pide aclaracións sobre o procedemento e pregunta se os títulos están xa aprobados. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que están en proceso de aprobación e explica como é o proceso. Se prevé que se impartan para o curso 2022/23. As novas facultades comezarían unha vez que estiveran aprobadas as novas titulacións. Pregunta Edita de Lorenzo polo número de estudantes do título interuniversitario e o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado aclara que os previstos son os que cursarían na UVigo, aínda que se agarda que o número se incremente, dado que os expertos consultados opinan que o número é baixo. Edita de Lorenzo comenta que as memorias dos centros non lle parecen moi diferentes ás das titulacións correspondentes e entende que non se xustifica a creación das facultades para estas titulacións, explicando as razóns que fundamentan a súa postura, en particular, polo reducido tamaño que terían. O reitor sinala que o feito de crear estes centros xa se fixo. Hoxe se trata de aprobar as memorias, polo que entende que as obxeccións chegan tarde. Edita de Lorenzo entende que no Claustro aprobouse unha intención, á espera precisamente das memorias. Pide que se vote, dado que quere que quede constancia da súa postura.

Debátese brevemente se procede votar por separado cada memoria e conclúese que é o mellor, dada a posición favorable de Edita de Lorenzo.

Procédese á votación.

- Votos a favor: 35
- Votos en contra: 1
- Abstencións: 2

Apróbanse por maioría as memorias de creación dos centros.

#### **4. Aprobación, se procede, das sedes para o Programa Universitario de Maiores (PUM).**

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, para que expoña este punto, e comenta os problemas de espazos do programa, polo que a proposta é a seguinte:

- Adscrición a centros:
  - Vigo: Escola Universitaria de Estudos Empresariais
  - Ourense: Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
  - Pontevedra: Escola de Enxeñaría Forestal
- Consideración:
  - Titulación adicional na bolsa de centros.
  - Consideración de estudantes/créditos matriculados do novo ciclo intensivo no orzamento.

José Francisco Montero Reguera sinala no chat que a proposta lle parece magnífica e Montserrat Cruz indica que é “un pracer ter aos estudantes sénior na nosa facultade”. O reitor agradece aos centros que decidiron acoller o programa.

Apróbase por asentimento

**5. Aprobación, se procede, das memorias para as solicitudes de verificación e modificación de títulos de grao, máster e doutoramento.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que expoña este punto. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado basea a súa explicación no seguinte cadro:

N.º	GRAO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Graduado/a en Enxeñaría Mecánica-CUD	Centro Universitario da Defensa	Modificación	Non	Non
2	Graduado/a en Enxeñaría da Automoción (dual)	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	Si	Non
N.º	MESTRADO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Máster universitario en dirección pública e liderado institucional	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Modificación	Non	Non
2	Máster universitario en enxeñaría biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	Si	Non
3	Máster universitario en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	Verificación	Si	Non
N.º	DOUTORAMENTO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Doutoramento en tecnoloxías da información e as comunicacións (DocTIC)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Modificación	Non	Non

Para setembro:

- Máster universitario en enxeñaría aeronáutica
- Máster universitario en ensinanza do español como lingua estranxeira ou segunda lingua
- Grao en Intelixencia Artificial
- Máster universitario en intelixencia artificial

Intervén como invitado Óscar García García, decano da Facultade de CC. da Educación e do Deporte quen lamenta que non se chegara a un acordo razoable entre todas as partes, aínda que agradece as labores de mediación desenvolvidas. Manifesta a súa sorpresa polo contido do informe externo encargado recibido a este respecto e discrepa en diversos aspectos do mesmo, poñendo algúns exemplos que xustifican a súa postura e que serían claves na mediación. Pensa que tería sido bo chegar a un acordo. Agradece a invitación de última hora. O reitor desculpa o adiamento no envío do enlace. Eva Lantarón, decana da Facultade de Fisioterapia, intervén para sinalar a súa discrepancia co anterior e sinala que está de acordo co contido do informe. Aclara cal é a súa postura sobre os obxectivos e competencias previstas no máster proposto en exercicio terapéutico e que non invade competencias doutras titulacións. O reitor indica que o proceso de mediación foi impulsado pola mediadora da Universidade (Francisca Fariña) que se apoiou en expertos externos á Universidade de Vigo. Houbo tres procesos de mediación, que están en disposición de continuar. En canto ao informe xurídico, derivou da idea proposta pola Asesoría Xurídica para facer a peritaxe, independente e externa á Universidade, a un gabinete de Madrid. Pide a aprobación da proposta. Óscar García responde ás afirmacións de Eva Lantarón e insiste na súa discrepancia co informe xurídico, sen poñer en dúbida a súa imparcialidade. Insiste en que non se opoñen na súa facultade a que a de Fisioterapia conte cun máster propio, pero entende que debe defender as competencias que ve como propias da súa titulación en educación física, que é o seu núcleo de coñecemento e que, polo tanto, está presente no título proposto.

O reitor pide a aprobación conxunta das solicitudes.

Apróbanse por asentimento.

## **6. Aprobación, se procede, dunha modificación no Regulamento de Réxime interno do Consello de Goberno.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen expón en que consiste a modificación, que se refire á supresión do apartado d) do artigo 15:

Artigo 15. A Comisión de organización académica e profesorado (COAP)

A Comisión de organización académica e profesorado será competente para:

- a) Estudar os asuntos referentes á coordinación de campus e de centros adscritos á universidade
- b) Informar sobre a constitución, creación, desenvolvemento, modificación e supresión dos departamentos
- c) Informar sobre a viabilidade académica das propostas dos plans de estudos e titulacións de grao oficiais, para a súa homologación, validación e implantación, con anterioridade ao seu estudo polo Consello de Goberno
- ~~d) Informar a aprobación, coordinación e desenvolvemento das ensinanzas conducentes a titulacións propias da Universidade de Vigo,~~
- e) Propoñer os criterios de resolución de solicitudes de validación de estudos en centros desta ou doutras universidades

- f) Informar a oferta anual de prazas (límite de prazas)

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, das solicitudes de inicio de docencia sen presencialidade total cara ao comezo do curso 2021-22.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado, que expón o seguinte:

- Graos:
  - Facultade de Educación e Traballo Social: Docencia en liña nos grupos grandes (A) de materias obrigatorias e básicas dos graos.
  - Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte: Docencia mixta nos grupos teóricos dos graos.
  - Facultade de Química: Docencia mixta nos grupos teóricos de 2.º e 4.º curso do grao.
- Másteres:
  - Máster universitario en profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas: Docencia semipresencial nas tres sedes.

Montserrat Cruz intervén para preguntar polas previsións para o comezo do curso en relación coa evolución da pandemia e as solicitudes presentadas, en particular, en relación cos aforos. O reitor aclara as perspectivas, dado que se prevé que todos os estudantes universitarios estean vacinados para principio do curso que ven, polo que cabe a posibilidade de que as actuacións que agora se aproben varíen, malia que convén aprobalas para que o alumnado teña a información suficiente, aínda que poida cambiarse para a presencialidade total, de ser posible. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que se poden aprobar solicitudes posteriores. O vicerreitor de Planificación e Sostibilidade insiste nas informacións técnicas recibidas desde a Consellería e que non se empregará o documento do Ministerio de Sanidade. Emma Torres insiste na mesma cuestión.

Apróbanse por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, das axudas para a contratación de persoal investigador en formación da Universidade de Vigo para o 2021.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen explica que non variou con respecto ao ano anterior, agás nos aspectos técnicos aclaratorios, e procede a indicar os cambios:

- Requisitos relativos á data de finalización dos estudos.

- Contido das solicitudes para o alumnado: copia simple da certificación académica na que figuren as cualificacións obtidas e as datas de obtención.
- Modo de calcular a nota media do expediente académico.

Apróbase por asentimento.

**9. Aprobación, se procede, da xeración de crédito do Convenio de financiamento de equipamento para adquisición, renovación e mellora de infraestruturas de investigación universitaria e do Convenio de colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i, coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, de acordo coas normas do Orzamento 2021.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, quen pasa a expoñer o punto do seguinte xeito:

A.- Aplicación orixe

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 07 1.750.03	<i>Infraestrutura de Investigación</i>	2.500.000,00€

B.- Aplicación destino

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 00VI 311V 625	<i>Vicerreitoría de Investigación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Mobiliario e equipamento.</i>	1.430.877,84 €
2021 0000 311V 625	<i>Servizos Centrais. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Mobiliario e equipamento.</i>	317.000,00 €
2021 00VI 421S 226.06	<i>Vicerreitoría de Investigación. Goberno e administración.da Universidade. Gastos Conferencias.</i>	50.000,00 €
2021 00EP 311V 626	<i>Vicerreitoría de Planificación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Dotación laboratorios.</i>	271.922,16 €
2021 00EP 311V 212	<i>Vicerreitoría de Planificación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Edifícios e outras construcións.</i>	350.200,00 €
2021 00EP 311V 622	<i>Vicerreitoría de Planificación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Edifícios e outras construcións.</i>	50.000,00 €
2021 00EP 311V 623	<i>Vicerreitoría de Planificación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Maquinaria, instalación e ferramentas.</i>	30.000,00 €

MOTIVACIÓN:

- Que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Universidades, vén de confirmar o seu compromiso coa Universidade de Vigo para a formalización do Convenio de financiamento de equipamento para adquisición, renovación e mellora de infraestruturas de investigación Universitaria.

- Que é unha prioridade da Consellería de Cultura, Educación e Universidade manter as axudas ás tres universidades galegas, naqueles programas que estas consideren necesarios para o impulso da investigación e da transferencia de coñecemento.
- Que a Secretaría Xeral asumirá dentro do novo convenio coa Universidade de Vigo o financiamento daqueles programas que se consideren necesarios, para o que existe previsión económica na devandita consellería. Que o importe que lle corresponde á Universidade de Vigo para a anualidade 2021 polo devandito convenio ascenderá a un importe de 2.500.000,00 €.
- Que, para poder executar no prazo que se prevé establecer no convenio, é necesario empezar a tramitación dos gastos referidos aos devanditos programas que se financian e que non estaban incluídas nos créditos dotados do orzamento inicial, polo que cómpre a dotación de crédito nas aplicacións orzamentarias arriba detalladas.

A.- Aplicación orixe

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 07 1.750.09	<i>Transferencias de Capital da Comunidade Autónoma</i>	2.190.063,00

B.- Aplicación destino

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 0000 13HTAL 645.03	<i>Servizos Centrais. Programa de Captación de Talento. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	245.000,00 €
2021 0000 131H 645.03	<i>Servizos Centrais. Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	66.063,00 €
2021 0000 421S 140.09	<i>Servizos Centrais. Goberno e Administración da Universidade. Persoal Convocatorias Propias de Retención de Talento.e Investigadores Distinguidos.</i>	90.000,00 €
2021 0000 421S 140.08	<i>Servizos Centrais. Goberno e Administración da Universidade. Persoal Investigador Subvencionado Convocatorias Xunta</i>	70.000,00 €
2021 0000 421S 140.06	<i>Servizos Centrais. Goberno e Administración da Universidade. Persoal Investigador Subvencionado Convocatorias MEC.</i>	30.000,00 €
2021 0000 131HTAL 227.06	<i>Servizos Centrais. Programa de Captación de Talento. Estudos e Traballos Técnicos.</i>	20.000,00 €



B.- Aplicación destino

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 00VI 131H 230	<i>Vicerreitoría de Investigación. Investigación e Transferencia. Axudas de Custo e Locomoción.</i>	10.000,00 €
2021 00VI 131H 645.03	<i>Vicerreitoría de Investigación. Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	425.500,00 €
2021 0000 421S 162.99	<i>Servizos Centrais. Goberno e Administración da Universidade. Outros Gastos Sociais.</i>	4.000,00 €
2021 EMT1 131H 626	<i>Estación Ciencias Mariñas de Toralla. Investigación e Transferencia. Proxectos Investigación Xunta.</i>	87.000,00 €
2021 CIB1 131H 622	<i>Cinbio Centro de Investigación Biomédicas. Investigación e Transferencia. Edifícios e outras construcións.</i>	70.000,00 €
2021 CIB1 131H 626	<i>Cinbio Centro de Investigación Biomédicas. Investigación e Transferencia. Dotación Laboratorios.</i>	96.000,00 €
2021 E811 131H 645.03	<i>Soporte G18-04 (ECOBAS) Agrupación Estratéxica Ecobas.. Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación</i>	60.000,00 €
2021 MTI1 131H 645.03	<i>Módulo Tecnolóxico Industrial (MTI1). Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación</i>	130.000,00 €

B.- Aplicación destino

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe euro
2021 K058 131H 645.03	<i>I+D Agroalimentario do Campus da Auga. (CITACA) Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	70.000,00 €
2021 0000 421S 143.01	<i>Servizos Centrais. Goberno e Administración da Universidade. Persoal Técnico Financiado con Subvencións Públicas.</i>	205.000,00 €
2021 PON1 131H 645.03	<i>Vicerreitoría campus de Pontevedra. Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	15.000,00 €
2021 OUR1 131H 645	<i>Vicerreitoría campus de Ourense. . Investigación e Transferencia. Outras Axudas Xunta de Galicia Investigación.</i>	15.000,00 €
201 00VI 311V 622	<i>Vicerreitoría de Investigación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Edifícios e outras construción.</i>	411.500,00 €
2021 00EP 311V 622	<i>Vicerreitoría de Planificación. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. Edifícios e outras construcións.</i>	70.000,00 €

MOTIVACIÓN:

- Que a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Universidades, vén de confirmar o seu compromiso coas tres universidades galegas para a formalización do convenio de financiamento de diferentes actuacións estratéxicas de I+D+i en materia de investigación universitaria.
- Que a Secretaría Xeral asumirá, dentro do novo convenio coa Universidade de Vigo para financiar actuacións de I+D+i no período 2021-2022, compromisos económicos por un importe total de 4.891.129 €, para o que existe previsión económica na devandita consellería.

- Que o importe que lle corresponde á Universidade de Vigo para a anualidade 2021 polo devandito convenio ascenderá a un importe de 2.190.063 €.
- Que, para poder executar no prazo no que se prevé establecer no convenio, é necesario empezar a tramitación dos gastos referidos ás accións que se financian e que non estaban incluídas nos créditos dotados do orzamento inicial, polo que cómpre a dotación de crédito nas aplicacións orzamentarias arriba detalladas.

Apróbase por asentimento.

#### **10. Aprobación da adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo á Conferencia española de decanos e decanas de Economía e Empresa.**

O reitor invita á decana da Facultade, que é membro do Consello de Goberno, para que expoña o interese do centro neste punto. Montserrat Cruz indica as razóns polas que se pide este apoio, que xorden dos Estatutos desta asociación, así como os beneficios derivados de pertencer á mesma. Foi aprobado previamente pola Xunta de Centro.

Apróbase por asentimento

#### **11. Aprobación, se procede, do Estatuto do Estudantado Deportista.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, que pasa a expoñer a proposta:

##### **Proceso:**

- Redacción desde a Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Revisión pola Área de Normalización Lingüística e informe favorable da Asesoría Xurídica.
- Exposición pública do 7 de maio ao 7 de xuño.
- Recepción de alegacións: 4 persoas (5 alegacións).
- Consenso e inclusión de 4 das 5 alegacións.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica.
- Envío ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

##### **Preámbulo**

- Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, de Universidades.
- Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario.

- Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, de deportistas de alto nivel e alto rendemento.
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.
- Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019 do Consello da Xunta de Galicia.
- Regulamento de estudantes da Universidade de Vigo, do 13 de abril de 2021.
- Regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo.

### **1. Obxecto**

- É obxecto deste estatuto a promoción e o apoio ao deporte universitario nas súas diferentes formas e niveis, polo que ten de achega á formación integral do estudantado, á integración na vida universitaria, á promoción de hábitos saudables e ao impulso dos valores intrínsecos á propia institución.
- En concreto, preténdese por este medio fixar medidas que favorezan a conciliación da vida universitaria e o deporte e que fomenten o recoñecemento académico das prácticas físico-deportivas pola súa achega á consolidación dos valores propios e as boas prácticas na Universidade de Vigo.

### **2. Persoas deportistas universitarias**

Consideraranse deportistas universitarios durante un curso académico, o estudantado matriculado en estudos conducentes a unha titulación oficial da Universidade de Vigo, así como o estudantado doutras universidades que se atope na Universidade de Vigo no marco de programas de mobilidade ou de estadias de investigación, cando desenvolvan algún tipo de práctica físico-deportiva. No caso do estudantado de centros adscritos, atenderase ao establecido nos correspondentes convenios de adscrición.

### **3. Tipos de deportistas e requisitos**

#### *Practicantes de base*

- Abonos da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Participantes en ligas e campionatos internos.
- Representantes da Universidade de Vigo en:
  - Competicións de ámbito autonómico
  - Competicións de ámbito interterritorial
  - Competicións na Eurorexión Galicia-Norte de Portugal

#### *Deportistas de nivel intermedio*

- Representantes da Universidade de Vigo en:
  - Competicións universitarias de ámbito estatal
  - Competicións universitarias de ámbito internacional
- Integrantes da sección deportiva Universidade de Vigo.
- Pertencentes a entidades federadas coas que a Universidade de Vigo manteña acordos de colaboración.

#### *Deportistas de elite*

- Persoas competidoras, adestradoras ou xuízas deportivas que acrediten a condición de deportistas de alto nivel ou de alto rendemento deportivo.
- Persoas que participan en competicións de elite de ámbito nacional ou internacional.

#### **4. Conciliación da actividade académica e da práctica físico-deportiva**

En relación coas persoas practicantes de base, facilitarase, na medida do posible, que os programas deportivos, as instalacións, os horarios e demais condicións promovan a participación, en réxime de igualdade de oportunidades, de todas as persoas que integran a comunidade universitaria.

En relación coas persoas deportistas de nivel intermedio, desenvolveranse medidas específicas de apoio para favorecer a súa participación en representación da Universidade de Vigo. Algunhas destas medidas poderán levarse a cabo a través dos plans de acción titorial (PAT) dos diferentes centros.

En relación coas persoas deportistas de elite, levaranse a cabo os axustes precisos para facer compatibles as esixencias académicas e as deportivas, de xeito que se poidan compatibilizar os estudos universitarios e as competicións, adestramentos, concentracións e demais actividades favorecedoras dun óptimo rendemento. Estas actuacións trataranse a través do Programa de apoio á integración do alumnado con necesidades especiais (Piune).

#### **5. Practicantes de base**

Inclúense nesta categoría todas as persoas da comunidade universitaria que desenvolvan unha práctica deportiva de xeito regular con obxectivos de saúde, ocio, competición recreativa e/ou de relación social. A este colectivo han destinarse os programas principais de dinamización de actividades físico-deportivas desenvolvidos pola propia universidade.

#### **6. Practicantes de base: dereitos**

- Acceso ás instalacións deportivas propias da Universidade de Vigo nas condicións establecidas.
- Cobertura sanitaria específica do ámbito deportivo.

- Servizo de medicina deportiva e fisioterapéutica, nas condicións específicas que establezan as correspondentes normas internas da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Recoñecemento académico (ECTS) das horas dedicadas a actividades de aprendizaxe, adestramentos, concentracións e competicións.
- Certificación da participación naquelas competicións nas que participe en representación da Universidade de Vigo, de maneira que poida servir, con aviso previo ao profesorado, como xustificante da súa ausencia presencial ás actividades académicas.

#### **7. Practicantes de base: deberes**

- Velar polo uso correcto das instalacións deportivas e respectar en todo momento a normativa de acceso e de uso destas.
- Atender todo o establecido no regulamento de participación en competicións deportivas externas da Universidade de Vigo, cando participe en competicións interuniversitarias.
- Manter un comportamento acorde ao Código Ético Deportivo (Consello de Europa), nas relacións coas persoas organizadoras, árbitros e outros deportistas involucrados nas competicións ou nas actividades nas que participen.

#### **8. Deportistas de nivel intermedio**

- a) Ter representado á Universidade de Vigo nos campionatos de España universitarios (CEU), campionatos de Europa universitarios (EUC), campionatos do mundo universitarios (WUC) ou universiadas, na última edición organizada.
- b) Pertencer á sección deportiva Universidade de Vigo.
- c) Pertencer a unha entidade deportiva coa que a Universidade de Vigo subscriba un convenio de colaboración en vigor para promover a práctica deportiva entre o estudiantado universitario cando a súa participación inclúa representar a Universidade de Vigo.

#### **9. Deportistas de nivel intermedio: dereitos**

- Exención da obriga de asistencia presencial ás actividades académicas que coincidan con desprazamentos para participar en competicións e polo tempo estritamente necesario.
- Cambio de data para realizar as probas de avaliación.
- Gratuidade no uso das instalacións deportivas propias da Universidade de Vigo a través dun abono da Área de Benestar, así como nas actividades dirixidas asociadas a este.
- Asesoramento médico e dietético por parte dos servizos médicos da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- Valoración da súa condición de deportista nos procesos de selección dos programas de mobilidade.

- Aplicación das medidas específicas de apoio establecidas no programa PAT do seu centro.

#### **10. Deportistas de nivel intermedio: deberes**

- Participar nas convocatorias de adestramentos e de competicións para as que sexan requiridos/as.
- No caso de participar no PAT, comunicarlle esta circunstancia á Área de Benestar, Saúde e Deporte a través dos medios e dos procedementos dispoñibles para o efecto.
- Con carácter xeral e de ser necesario, comunicarlle cun mes de antelación á Área de Benestar, Saúde e Deporte os requisitos para a exención da obriga de asistencia presencial a prácticas ou a outras actividades docentes e o cambio de data de probas de avaliación académica que coincidan cunha competición deportiva oficial.

#### **11. Deportistas de elite**

- a) Deportistas de alto nivel (DAN) ou deportistas galegos de alto nivel (DGAN).
- b) Deportistas de alto rendemento pertencentes a un centro de tecnificación deportiva (CTD).
- c) Deportistas seleccionados polo equipo nacional.
- d) Deportistas participantes de maneira regular na máxima categoría estatal que teñan representado, participado ou colaborado coa universidade na práctica e na promoción do deporte universitario.
- e) Persoas adestradoras e técnicas, e xuíces e xuízas.
- f) Deportistas Erasmus e doutros programas de mobilidade cun nivel deportivo equiparable.
- g) Deportistas do programa da Asociación de Deportes Olímpicos (ADO) ou Paralímpico (ADOP).

#### **12. Deportistas de elite: dereitos**

- Elección do horario, quenda ou grupo, nos casos en que sexa posible.
- Xustificación de faltas de asistencia das sesións lectivas, de carácter obrigatorio.
- Flexibilización do calendario de exames cando coincida con competicións oficiais e con concentracións e adestramentos da selección española.
- Programas específicos de atención e de axuda para facilitar a conciliación.
- Obtención do recoñecemento de ata 6 créditos ECTS pola súa actividade deportiva.
- Reserva non inferior ao 5 % en prazas de residencias universitarias.
- Recoñecemento, con solicitude previa, da condición de estudante con necesidades especiais.
- Obtención, con solicitude previa, da condición de estudante a tempo parcial.

- Valoración da súa cualificación de deportista de elite como mérito nos procesos de selección dos programas de mobilidade.

### **13. Incorporación dos/as deportistas de elite ao programa Piune**

O estudiantado incluído nesta categoría poderá solicitar participar no Programa de integración de universitarios/as con necesidades específicas de apoio educativo (Piune) da Universidade de Vigo.

A participación é voluntaria e ten carácter anual, polo que será preciso realizar unha solicitude de acordo co procedemento establecido con carácter xeral.

### **14. Rexistro de deportistas de elite**

O estudiantado incluído nesta categoría e que teña intención de acollerse aos beneficios recollidos nos apartados 12 (dereitos) e 13 do presente estatuto haberán de formalizar a súa inscrición no rexistro de deportistas de elite, dispoñible na aplicación informática [campusactivo.uvigo.gal](http://campusactivo.uvigo.gal).

### **15. Deportistas de elite: deberes**

- Colaborar coa Universidade de Vigo na divulgación e na promoción do deporte universitario, as boas prácticas no ámbito deportivo e os hábitos de vida saudable.
- Representar a Universidade de Vigo cando se requira para tal efecto. Esixírase a documentación acreditativa no caso de non ser compatible coa súa planificación anual de adestramentos e competicións.
- No caso de terse incluído no programa Piune, cumprir con todas as obrigas establecidas con carácter xeral para as persoas participantes no programa. Entre elas, a xustificación documental de todas as faltas de asistencia.

### **16. As boas prácticas en actividades e en competicións deportivas**

A Universidade de Vigo establecerá os procedementos oportunos para salientar e poñer en valor as boas prácticas. No referente ás condutas indebidas e ás medidas e ás consecuencias destas, terase en conta o establecido no Regulamento de participación en competicións externas da Universidade de Vigo.

### **17. O Comité de boas prácticas**

Correspóndelle a este comité establecer as medidas correspondentes ás condutas indebidas e resolver os expedientes sancionadores que correspondan.

### **18. Composición do Comité de boas prácticas**

Este comité estará integrado por tres persoas pertencentes á Comisión de extensión universitaria e outras dúas elixidas entre o persoal técnico da Área de Benestar, Saúde e Deporte. Este terá que renovarse, total ou parcialmente, cada dous anos.

### **Disposición final**

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte de publicarse no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo tras aprobalo o Consello de Goberno.

María José Ríos Santomé non puido estar presente na sesión de hoxe, pero enviou á Secretaría Xeral as seguintes observacións:

Sobre o artigo 2. Persoas deportistas universitarias: *“Consideraranse deportistas universitarios durante un curso académico, os e as estudantes matriculados ....”*. Entende que, por concordancia de xénero sería: *“as e os estudantes matriculados...”* Sinala asemade que “a nivel xeral, ten que indicarse, en todos os puntos nos que se fai referencia ás persoas competidoras, adestradoras ou xuízas deportiva. Deste xeito en algúns puntos non se recollen ás e aos árbitros, que si entran neste Estatuto. Se é o Estatuto do estudantado deportista na Universidade de Vigo, non entendo que no artigo 5 se faga referencia á comunidade universitaria, supoño que para todo o colectivo xa hai unha norma aprobada e se non é así ao PAS, por exemplo, se lle poderían recoñecer por cursos de formación, aprendizaxe ou o que correspondera”.

A vicerreitora sinala a este respecto que están fora do período de alegacións. Non obstante, responde que se pasará á consulta da Área de Igualdade e que os árbitros se inclúen no colectivo de xuíces/zas. Entende que a outra observación non é obxecto do presente estatuto.

Apróbase por asentimento.

### **12. Aprobación, se procede das modificacións nos modelos de convenios-tipo de prácticas externas.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, que pasa a expoñer a proposta:

- Modelo nacional de cooperación educativa: convenio de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e (entidade, empresa ou institución colaboradora) para a realización de prácticas académicas externas por parte do estudantado.
- Modelo internacional de cooperación educativa: *educational cooperation framework agreement between the Universidade de Vigo and (collaborating entity, company, institution) for the execution of students external academic placements.*

Ambos modelos contan co informe favorable da Asesoría Xurídica.

Apróbanse por asentimento.



**13. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración para desenvolver proxectos de aprendizaxe e servizo.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación para que expoña o modelo, que foi acompañado co resto da documentación. Ten o informe favorable da Asesoría Xurídica. Se trata de proxectos de ensino-aprendizaxe en colaboración con distintos colectivos ou administracións públicas. Fai un resumo das metodoloxías ás que se refire este tipo de convenio e as razóns que levan a formalizar este modelo.

Apróbase por asentimento.

**14. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno da Facultade de Filoloxía e Tradución.**

O reitor cede a palabra ao Secretario Xeral quen indica que o regulamento foi acompañado co resto da documentación e conta cos informes preceptivos positivos. O decano da Facultade de Filoloxía e Tradución indica que se trata dunha actualización do anterior e que o seu obxectivo e clarear novidades e permitir resolver problemas relativos ao funcionamento do centro. Foi aprobado pola súa xunta sen ningún voto en contra.

Apróbase por asentimento.

**15. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

**16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

**17. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

Non habendo intervencións, remata a sesión ás 12:50 h do día 27 de xullo de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral